

Carga de recibos domiciliarios: Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes.

O que se anuncia e se fai público para xeral coñecemento do presente ANUNCIO que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no artigo 24 do Regulamento Xeral de Recadación e 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 07 de xullo de 2016.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo

R. 2178

O INCIO

Anuncio

CONCELLO DE O INCIO. APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 03/2016, MODALIDADE "CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 01/2016 FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA"

O Concello pleno en sesión celebrada o día 08 de xullo de 2016, prestoulle aprobación inicial ao crédito extraordinario nº 01/2016.

De acordo co establecido nos artigos 112.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a exposición pública polo período de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ó da publicación deste anuncio, no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examina-lo expediente na Secretaría - Intervención Municipal do Concello e presenta-las reclamacións que consideren oportunas. Se o término do período de exposición ó público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobada a devandita modificación orzamentaria.

O Incio, a 13 de xullo de 2016.- A ALCALDESA - PRESIDENTA, Laura Celeiro García

R. 2188

LUGO

Anuncio

FORMALIZACION DE CONTRATO

En cumprimento do disposto no artigo 154 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público faise público:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato:

a) Tipo de contrato: servizos

b) Descrición do obxecto: É obxecto deste procedemento a celebración dun contrato de subministración instrumentalizado como acordo marco, para a entrega de forma sucesiva e por prezo unitario de áridos reciclados (LOTE 1), de zahorra (LOTE 2) e de gravilla para regos (LOTE 3) para levar a cabo as obras de mantemento dos viais de titularidade municipal e do transporte do dito material aos puntos indicados.

3.- Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedemento: aberto

c) Publicidad: Boletín Oficial Provincia de data 22 de marzo de 2016 e publicado no perfil do contratante o 22 de marzo de 2016.

4.- Tipo de licitación:

a) Orzamento máximo do contrato:

- o orzamento máximo PARA O LOTE 2 para a primeira anualidade ascende a 41.322,31 euros máis o IVE (21%) - 8.677,69 €, resultando un orzamento máximo de 50.000 IVE incluído.

- o orzamento máximo PARA O LOTE 2 para a primeira anualidade ascende a 41.322,31 euros máis o IVE (21%) - 8.677,69 €, resultando un orzamento máximo de 50.000 IVE incluído.

5.- Adxudicación:

a) **Data:** 28 de xuño de 2016

b) **Contratista:** CANTEIRA DO PENEDO S.A. N.I.F. : A-27.005.834

c) **Nacionalidade:** Española

d) **Orzamento máximo do contrato:** prezo máximo anual de 41.322,31 euros sen IVE, máis o 21% do IVE (8.677,69 euros) do que resulta un prezo máximo anual de 50.000 euros IVE incluído, para cada un dos lotes.

6.- **Data de formalización:** 11 de xullo de 2016.

Lugo, 11 de abril de 2016.- A ALCALDESA, P.D. TENENTE-ALCALDE DA AREA (Decreto nº 15010037), Ana Prieto Nieto

R. 2189

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA XUÑO 2016

Por Xunta de Goberno do día 11 de xullo de 2016 aprobouse o Padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza de xuño de 2016

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria , fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 18 de xullo ata o 19 de setembro de 2016

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindícaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 11 de xullo de 2016.- O Alcalde-Presidente, José Tomé Roca

R. 2190

PALAS DE REI

Anuncio

Unha vez informada pola Comisión Especial de Contas deste Concello, en sesión celebrada o día 13 de xullo do ano en curso, a Conta Xeral correspondente ó exercicio económico 2015, de conformidade co disposto no apartado 3 do artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, queda exposta ó público na Secretaría-Intervención deste Concello, por prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Durante dito prazo e oito días mais os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Palas de Rei, 13 de xullo de 2016.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira

R. 2191
